

BLOQUE I

Agony aunt, consultor sentimental



Etapa: de 16 a 20 anos ou máis.



Nivel de dificultade: básico ou medio



2 socios



Temporalización: 10 sesións



Etiquetas: privacidade na rede, adicción a redes, ciberseguridade, escoita activa, espírito crítico.

Descrición da actividade: (4 liñas máximo)

Un grupo de alumnos expón problemas de privacidade na rede, adiccións e manipulación de información que viviron eles mesmos ou alguén cercano. Os compañeiros socios pensan en posibles solucións e consellos para axudarlles.

Obxectivos: (3 máximo)

1. Analizar a desinformación, a manipulación e os problemas que pode causar internet proporcionando ó alumnado oportunidades para promover o espírito crítico.
2. Intercambiar información e colaborar utilizando de forma responsable ferramentas dixitais.
3. Mellorar as habilidades comunicativas, sociais e interpersoais.

Competencias clave e temas transversais:

- Competencias sociais e cívicas: favorecer a empatía, a escoita, o respecto ó diferente e a axuda ós demais.
- Competencia lingüística.
- Competencia dixital.
- Educación para os medios de comunicación.
- Educación moral e cívica.

Contidos curriculares:

- Mellora da comunicación oral e escrita, especialmente en lingua estranxeira.
- Uso das fórmulas gramaticais para expresar consello.
- Cidadanía dixital responsable. Uso das TICs.

Aspectos inclusivos:

Favorécese a aceptación, a actitude de escoita, o respecto o outro e a integración das diferenzas ó detectar situacións de risco entre estudantes da mesma idade de diferentes condicións socioeconómicas, culturais ou relixiosas.

Produtos/resultados esperados:

- Un muro virtual (Padlet ou similar) por cada dous centros participantes con consultas e consellos insertado nunha páxina do TwinSpace.
- Pósters

Desenvolvemento da actividade



Preparación

Paso 1

Os docentes invitan os alumnos ó TwinSpace.



[Como invitar os alumnos ó TwinSpace.](http://etwinning.es/es/como-invitar-os-alumnos-ó-twinspace/)

<<http://etwinning.es/es/como-invitar-os-alumnos-ó-twinspace/>>

Un dos docentes socios crea unha páxina no TwinSpace co título *Agony aunt* e nela publica a distribución do alumnado socio por parellas internacionais.




[Como crear unha páxina no TwinSpace](http://etwinning.es/no/novo-twinspace-como-crear-unha-páxina-de-actividades)

<<http://etwinning.es/no/novo-twinspace-como-crear-unha-páxina-de-actividades>>

Agony Aunt

HERE IS GROUP MATCHING LIST

<https://docs.google.com/spreadsheets/d/1.../usp=sharing>



	A	C	D
1		links	
2	1st group	https://padlet.com/yimxpu/can/hwamkasa71	Students will write replies and find solutions to the problems
3	2nd group	https://padlet.com/zuhameipolu/1x13v78jue8c9	
4	3rd group	https://padlet.com/ozoe_kurt/yv090z5f10e	
5	4th group	https://padlet.com/inemo200j2w0a89a1pjm	
6	5th group	https://padlet.com/mehastouy0099v0eovmimh	
7	6th group	https://padlet.com/jalicyaloin90y1y5y1hg	
8	7th group	https://padlet.com/semvifearzuin2arug2hnebf	
9	8th group	https://padlet.com/itmvifearzuin2arug2hnebf	
10	9th group	https://padlet.com/mrmsevik/v63oom2h43v8	
11	10th group	https://padlet.com/jeal_arapocreative/70v68a2yhoy	
12	11th group	https://padlet.com/karvya48/vicf38obod4	
13	12th group	https://padlet.com/joursoy781/opp11m22ahy7	
14	13th group	https://padlet.com/ohancay241/g61ib2pu6z1	

TwinSpace 1

Paso 2

Os alumnos pensan e expón problemas de privacidade na rede, adiccións e manipulación de información que viviron eles mesmos ou alguén cercano.

Paso 3

Na páxina *Agony aunt* un docente inserta un muro dixital tipo Padlet ou similar coa opción de que os visitantes comenten nas publicacións activadas. Neste padlet o alumnado escribe unha carta a un consultor sentimental chamado *Agony aunt* expoñendo os seus problemas á espera de que este lle axude a resolvelos.



[Como crear un muro dixital en Padlet.](https://youtu.be/0YZmW9wMfyU)

<<https://youtu.be/0YZmW9wMfyU>>

TwinSpace

2 [Enlace a TwinSpace](#)

Paso 4

Os alumnos socios len as cartas, pensan en posibles consellos, solucións, expresións de consolo, pautas de actuación, etc., e responden ó seu compañeiro socio e a outros, cren que lles poden ofrecer un consello ou axudar.

TwinSpace

3 [Enlace a TwinSpace](#)

Paso 5

Os docentes socios planifican unha reunión en liña a través do TwinSpace e un deles crea a sala. Así mesmo, os docentes asignan un papel a determinados estudantes (secretario, portavoz, moderador, técnico...) e acordan o desenvolvemento da sesión, p.ex.:

- Saúdos e presentacións.
- O alumnado dialoga e analiza todos os problemas amosados no muro dixital anterior.
- O alumnado escolle os tres problemas máis preocupantes e representativos.
- O alumno portavoz presenta as conclusións.



[Como crear unha reunión en liña no TwinSpace](http://etwinning.es/es/actividades-para-proxectos/como-crear-un-evento-online-videoconferencia-no-twinspace/)

<<http://etwinning.es/es/actividades-para-proxectos/como-crear-un-evento-online-videoconferencia-no-twinspace/>>



Ordenador con cámara web, alt falantes, micrófono, pizarra dixital e proxector.

Paso 6

Un docente crea unha nova páxina co título *Pósters* e engade un muro TwinBoard co título *Project's poster selection*.

Cada alumno crea un póster cun consello, recomendación ou pauta para solucionar ou mitigar un dos tres problemas máis preocupantes e representativos que elixiron na videoconferencia e sóbeo ó TwinBoard.

Estas son algunhas ferramentas útiles para crear un póster:



[Adobe Spark](https://www.adobe.com/express/) <<https://www.adobe.com/express/>> ,



[Canva](https://www.canva.com/es_es/educacion/) <https://www.canva.com/es_es/educacion/> ,




[Genially](https://www.genial.ly/login) <<https://www.genial.ly/login>> ,



[Sway](https://sway.office.com) <<https://sway.office.com>> ou similares.

Os docentes comparten os posters no TwinBoard, pero tamén impresos en papel no taboleiro eTwinning do instituto.




[Como crear unTwinBoard](https://youtu.be/Ao5ZYV0A8Mo) (2º parte vídeo)

<<https://youtu.be/Ao5ZYV0A8Mo>>

TwinSpace

4

PROJECT'S POSTER SELECTION



TwinSpace 4

Paso 6

Un docente crea unha nova páxina co título *Poster contest*.

Os docentes socios crean un formulario en liña ([Google forms](https://www.google.com/forms/about/) <<https://www.google.com/forms/about/>> ou similares) que inclúe todos os posters realizados co fin de seleccionar o mellor póster e insértano na última páxina creada no TwinSpace. A continuación, os docentes socios comparten o formulario co alumnado para que este llelo pase como mínimo a tres persoas do seu contorno e voten o que máis lles gusta.

Paso 7

O profesor do alumno gañador publica o resultado da votación na páxina anterior e inserta o póster gañador de forma destacada.

Cada docente socio inclúe na páxina web do seu centro escolar enlace a esta publicación.

TwinSpace

5

Pages

BRAIN STORMING OF IDEAS and PROJECT PLANS

WELCOME TO OUR PROJECT

eSAFETY , DATA PROTECTION and PROJECT RULES

COPYRIGHT and COPYRIGHT INFRINGEMENT

Web 2.0 TOOLS

DISTRIBUTION OF THE TASKS

LETS KNOW PROJECT TEACHERS

CETIFICATES OF THE PROJECT'S TEACHERS

TEACHERS

WATSUP GROUP LINK FOR THE

POSTER CONTEST

<http://www.tricider.com/brainstorming/3N8II332XpZ>

Winner of the poster contest is CIP TAFALLA



TwinSpace 5

Paso 8

Os docentes socios organizan unha breve cerimonia de entrega do diploma ó gañador do concurso de posters (o centro gañador, presencial; o centro socio, a través de videoconferencia).

TwinSpace

6 [Enlace a TwinSpace](#)



Ferramentas do TwinSpace / ferramentas 2.0 externas:

TwinSpace: TwinBoard, videoconferencia



Outras ferramentas:

- Muro virtual Padlet ou similar
- Posters: [Adobe Spark](#), [Canva](#), [Genially](#) ou similares
- Formularios en liña ([Google Forms](#) ou similares)
- [Google Docs](#)